

Universidade de Vigo

Reglamento de Réxime Interno

Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais

Aprobado pola Xunta Directiva do IFCAE o 10 de marzo de 2023

Aprobado polo Consello de Goberno o 30 de marzo de 2023

Publicado na web do IFCAE o 31 de marzo de 2023



Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais
Pavillón Manuel Martínez-Risco
Campus universitario
32004 Ourense
<https://ifcae.uvigo.es/>
ifcae@uvigo.es

Índice

TÍTULO I: NATUREZA E OBXECTIVOS DO INSTITUTO

Artigo 1. Natureza, denominación, réxime xurídico e adscripción

Artigo 2. Obxectivos de IFCAE

TÍTULO II. ORGANIZACIÓN E GOBERNANZA

Artigo 3. Estrutura organizativa e de goberno

Artigo 4. Xunta Directiva.

Artigo 5. Director/a Científico/a

Artigo 6. Comisión Científica

Artigo 7. Comité Asesor Externo

Artigo 8. Secretario/a

Artigo 9. Unidade de Xestión

TÍTULO III. DO PERSOAL.

Artigo 10. Membros

Artigo 11. Proceso de vinculación y desvinculación

TÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 12. Recursos

Artigo 13. Orzamento

Artigo 14. Equipamento

TÍTULO V. CONTROL E AVALIACIÓN

Artigo 15. Seguemento

Artigo 16. Ética na investigación

Artigo 17. Contratación de personal

TÍTULO VI. POLÍTICA DE PUBLICACIÓN E VISIBILIZACIÓN DO INSTITUTO

Artigo 18. Proxección e visibilidade

TÍTULO VII. ENTRADA EN VIGOR

Artigo 19. Entrada en vigor

TÍTULO I: NATUREZA E OBXECTIVOS DO INSTITUTO

Artigo 1. Natureza, denominación, réxime xurídico e adscripción

1. O Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciales (IFCAE) constitúese como unha unidade de I+D+i da UVigo especializada en investigación de excelencia e transferencia efectiva nos ámbitos da física e das ciencias aeroespaciais.
2. IFCAE rexerase por:
 - a. Lei Orgánica 6/2001 de 21 de decembro de Universidades.
 - b. Lei 6/2013, de 13 de xuño do Sistema Universitario de Galicia.
 - c. Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación e Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a anterior.
 - d. Orde, do 26 de marzo de 2021, pola que se regula o procedemento de aprobación dos centros e institutos de investigación do sistema universitario de Galicia.
 - e. Poos Estatutos da Universidade de Vigo e o seu regulamento de Institutos, aprobado o 21 de decembro de 2021.
 - f. O presente Regulamento de Réxime Interno
3. O IFCAE estará adscrito orgánicamente á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo.

Artigo 2. Obxectivos de IFCAE

1. O obxectivo científico global do IFCAE é o desenvolvemento de actividades de I+D+i nos ámbitos aeroespacial e físico.
2. Son obxectivos básicos específicos de IFCAE:
 - a) Investigación de excelencia: Impulsar e fomentar a investigación de excelencia, tanto básica como aplicada, nos ámbitos da ciencia e da enxeñaría aeroespacial e da enxeñaría física, con especial fincapé na potenciación das sinerxías entre ambos ámbitos, integrando as capacidades científicas e tecnolóxicas.
 - b) Transferencia sectorial: Servir de referencia e pilar de excelencia dentro do Sistema Universitario Galego no ámbito da enxeñaría aeroespacial e das tecnoloxías físicas aplicadas a este sector, sistematizando e racionalizando os procesos de transferencia de coñecemento e tecnoloxía e promovendo a realización de proxectos público/privados.
 - c) Reforzar o capital humano en Galicia: Creación dun entorno atractivo para o desenvolvemento de carreiras científicas e tecnolóxicas competitivas, favorecendo a captación e retención de talento e facilitando unha formación que facilite a incorporación ao mundo laboral, tanto académico como empresarial.

- d) Intensificar a interrelación entre a universidade, o sector aeroespacial e outros sectores produtivos tradicionais de Galicia.
 - e) Impulsar e fomentar a cooperación institucional: Creación de sinerxías dentro do propio instituto e, sobre todo, con outras entidades externas, públicas e privadas, con especial fincapé na promoción de estratexias interrexionais conxuntas con outros axentes de Galicia e do norte de Portugal.
3. Para a consecución destes obxectivos, o IFCAE desenvolverá cantas funcións e actividades sexan necesarias de acordo co establecido no artigo 1 deste Regulamento.

TÍTULO II. ORGANIZACIÓN E GOBERNANZA

Artigo 3. Estrutura organizativa e de goberno

Os Órganos de Goberno do IFCAE son de dous tipos:

- a) **Órganos colexiados:**
 - Xunta Directiva.
 - Comisión Científica.
- b) **Unipersonais:**
 - Director/a Científico/a

Asimesmo, participan tamén da estrutura organizativa do IFCAE:

- O secretario/a
- O comité asesor externo
- A unidade de xestión

Artigo 4. Xunta Directiva.

- 1. A Xunta Directiva é o máximo órgano de goberno do Instituto e estará integrada por:
 - a. Reitor/a da Universidade de Vigo, ou vicerreitor/a en quen delegue, que presidirá e se encargará de convocar á Xunta Directiva.
 - b. Un vogal en representación do Consello Social da Universidade de Vigo.
 - c. Un vogal dos investigadores/as vinculados ao centro.
 - d. Un vogal que represente ao persoal do centro que non sexa persoal investigador vinculado.
 - e. Un representante, se é o caso, dunha institución pública ou privada que contribúa de forma substancial e estable ao financiamento ou actividade do instituto.
 - f. Director/a científico/a de IFCAE.
 - g. Secretario/a de IFCAE, que actuará como secretario/a da Xunta Directiva.
- 2. Os membros da universidade deberán constituír sempre a maioría da Xunta Directiva.

3. Corresponderá, entre outras funcións, á Xunta Directiva:
 - a. Aprobar a proposta de orzamento e programación do Instituto.
 - b. Aprobar a memoria anual de actividades, o plan estratéxico e as súas modificacións e a memoria económica, do que se dará conta ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo.
 - c. Promover o financiamento e dotación do Instituto.
 - d. Remitir ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo a proposta de incorporación de novos membros á Xunta Directiva do Instituto, en representación da comunidade universitaria ou das institucións públicas ou privadas.
 - e. Remitirle ao Consello de Goberno da Universidade de Vigo a proposta de modificación do regulamento de réxime interno do instituto cando proceda.
 - f. Propoñer o nomeamento e o cesamento dos membros da Comisión Científica.
 - g. Propoñer o nomeamento ou cesamento dos membros da Comisión Asesora Externa.
 - h. Propoñer ao reitor o nomeamento e cesamento do director/a científico e do secretario/a e establecer os mecanismos para a súa selección.
 - i. Acordar a proposta de cesamento da persoa que dirixe científicamente o centro, cando concorran as circunstancias que así o determinen.
 - k. Propoñer cantos acordos e actuacións sexan necesarios para o cumprimento dos fins do Instituto.
4. A Xunta Directiva reunirse polo menos unha vez ao ano en sesión ordinaria, e en sesión extraordinaria cantas veces sexa necesario e requirida e sempre que o considere oportuno o presidente ou o solicite polo menos un terzo dos seus membros.
5. As sesións convocaranse cunha antelación mínima de seis días á data en que se vaian celebrar, salvo nos casos de recoñecida urxencia a xuízo do presidente. Na convocatoria indicaranse os puntos a tratar, o día, hora e lugar de celebración.
6. Asemade, o presidente da Xunta poderá convocar a calquera persoa que considere oportuna para asuntos relacionados con calquera punto da orde do día, a efectos de escoitar o seu parecer ou testemuña, sen por elo ostentar os dereitos propios dos vogais da Xunta Directiva.
7. En primeira convocatoria, a Xunta Directiva entenderase validamente constituída para tomar acordos cando asistan á sesión o presidente/a (ou persoa en quen delegue) e o secretario/a, ademais dun número mínimo de membros: en primeira convocatoria deberán estar presentes alomenos a metade dos membros da Xunta Directiva. En segunda convocatoria deberán estar presentes alomenos un terzo dos membros da Xunta Directiva.

8. A Xunta Directiva adoptará os seus acordos por maioría dos membros presentes, por voto a man alzada ou, excepcionalmente, por votación secreta, cando afecte a persoas concretas, sempre que o solicite algún dos membros presentes.
9. A delegación de voto deberá facerse constar expresamente e por escrito.

Artigo 5. Director/a Científico/a

1. O/a Director/a Científico/la do instituto será nomeado/la polo/a Reitor/a da UVigo, entre o personal investigador doutor vinculado a tempo completo coa UVigo e co IFCAE, a proposta da Xunta Directiva e co informe favorable da Comisión Científica.
2. O nomeamento será por períodos de 3 anos, cun máximo de dous mandatos consecutivos.
3. As funcións do/a director/a Científico/a serán as seguintes:
 - a. Exercer a dirección do instituto, potenciando a súa proxección exterior.
 - b. Asistir ás reunións da Xunta Directiva do instituto.
 - c. Convocar e presidir a Comisión Científica, a execución dos seus acordos e a representación ante o Consello de Goberno da UVigo.
 - d. Representar ao IFCAE no ámbito da súa competencia.
 - e. Dirixir e executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e velar polo seu cumprimento.
 - f. Organizar e coordinar os medios materiais e persoais dispoñibles para cubrir os obxectivos do instituto. Corresponde ao Director/a Científico establecer o modelo de organización científica do instituto, podendo designar entre o personal investigador do centro os investigadores/as principais, xefes/as de grupo e/ou responsables de área.
 - g. Propoñer a contratación de persoal investigador, de apoio á investigación e administrativo para o instituto.
 - h. Propoñerlle á Xunta Directiva o nomeamento da persoa que actuará como Secretario/a.
 - i. Propoñer a adquisición de infraestruturas para que o Instituto alcance os seus fins.
 - k. A autorización dos gastos dentro do orzamento anual.

- l. Elaborar a memoria científica anual e a planificación estratéxica do instituto para presentala á Comisión Científica e á Xunta Directiva.
- m. Desenvolver mecanismos e procedementos que favorezan a captación de recursos, o mantemento dun alto nivel científico, así como o establecemento de sinerxías e colaboracións entre os grupos de investigación do IFCAE ou entre estes e grupos externos.
- n. Trasladar as directrices oportunas aos investigadores/as para que a súa actividade investigadora se adapte ao plan estratéxico e aos obxectivos científicos do instituto.
- o. Velar polo bo funcionamento da IFCAE e polo cumprimento desta normativa.

Artigo 6. Comisión Científica

- 1. A Comisión Científica do IFCAE é o órgano colexiado competente para desenvolver as liñas estratéxicas do centro.
- 2. A Comisión Científica estará constituída por:
 - a. Director/a científico/a que a presidirá.
 - b. Secretario/a do IFCAE que actuará como secretario/a da comisión.
 - c. Un/a investigador/a responsable de cada área de investigación.
 - d. Un número de representantes do persoal investigador non permanente en formación, que será equivalente ao 15% do total da Comisión Científica.
- 3. A Comisión Científica reunirse, polo menos, dúas veces ao ano durante o período lectivo por invitación do director científico do IFCAE ou por solicitude de polo menos un terzo dos seus membros.
- 4. Son competencias da Comisión Científica:
 - a. Propoñer á Xunta Directiva a persoa que exercerá a dirección do instituto.
 - b. Definir as condicións de adscripción/desvinculación dos membros da IFCAE.
 - c. Aprobar a entrada de novos/as membros do persoal investigador do IFCAE e o seu cesamento. O acordo correspondente deberá contar co informe previo do Consello Asesor Externo e deberá ser ratificado pola Xunta Directiva do instituto.
 - d. Avaliar anualmente a actividade científica dos investigadores/as vinculados ao instituto, e emitir, se é o caso, os correspondentes informes de avaliación.
 - e. Estudar necesidades dos/as investigadores/as e propoñer plans de mellora nas instalacións e servizos de IFCAE.
 - f. Asistir ao Director/a Científico/a e á Xunta Directiva sobre o seguemento da evolución dos resultados do instituto.

- g. Propoñer adecuacións ou modificacións do regulamento de réxime interno de IFCAE.
- h. Propoñer a creación de comisións específicas aptas para o estudo de cuestións concretas que afecten ao IFCAE.
- i. Crear comités, temporais ou permanentes e integrados por membros vinculados á IFCAE, que faciliten ou fagan máis efectivos o traballo da Comisión Científica.
- j. Propoñer actividades dirixidas ao cumprimento dos obxectivos do centro.
- k. Propoñer novas liñas de investigación para o centro e actualizar a axenda científica.
- l. Apoiar e difundir a actividade do Instituto en beneficio dun mellor desempeño das súas funcións.

Artigo 7. Comité Asesor Externo

- 1. O Comité Asesor Externo será o órgano consultivo integrado por un mínimo de 5 persoas que serán: investigadores alleos á UVigo de recoñecido prestixio internacional con ampla experiencia científica e/ou técnica na xestión de proxectos de investigación, innovación ou transferencia tecnolóxica. nas liñas de actuación do IFCAE, e profesionais de empresas e/ou institucións de claro liderado internacional para asesorar e garantir o aliñamento da actividade investigadora do IFCAE cos retos sectoriais.
- 2. Son funcións do Comité Asesor Externo:
 - a. Asesorar e orientar o instituto de investigación na estratexia e planificación de accións de fomento da transferencia, formación e difusión ao tecido empresarial e industrial.
 - b. Elaborar cantos informes e propostas poidan xurdir en relación coa política científica do instituto.
 - c. Identificar intereses que promovan a participación de IFCAE en colaboracións público-privadas.
 - d. Informar sobre o interese por vincular novos investigadores e investigadores ao instituto.
 - e. Asistir a dirección e a xunta directiva sobre o seguimento da evolución da investigación e do centro e da transferencia dos resultados da investigación.
 - f. Avaliar periodicamente a actividade de I+D+i dos grupos do persoal investigador vinculado co instituto, e emitir os correspondentes informes de valoración.

Artigo 8. Secretario/a

- 1. O/a Secretario/a será nomeado/a polo Reitor/a, segundo a proposta da Dirección Científica entre o persoal investigador vinculado ao IFCAE, ou o persoal funcionario dos

subgrupos A1 e A2 que preste servizos no instituto, durante un máximo de dous mandatos consecutivos.

2. O/a Secretario/a colaborará co Director/a Científico/a nas tarefas que este/a lle encomende.
3. Así mesmo, desempeñará as funcións de secretario/a da Xunta Directiva e da Comisión Científica, polo que dará fe dos actos e acordos administrativos dos órganos de goberno do instituto. Para tal efecto, custodiará as actas e expedirá as certificacións nos documentos oficiais do instituto. Ademais, desempeñará outras funcións que lle encomende o Director Científico, a Comisión Científica e/ou a Xunta Directiva.

Artigo 9. Unidade de Xestión

A Unidade de Xestión será a encargada de prestar apoio nos labores de captación de financiamento competitivo, así como no resto das actividades de investigación, formación e transferencia establecidas no Plan Estratéxico do Instituto. Esta unidade poderá estar formada por persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.

TÍTULO III. DO PERSOAL.

Artigo 10. Membros

O personal de IFCAE estará integrado por:

- a. **Investigadores/a vinculados/as:** persoal docente e investigador (PDI) doutor vinculados a tempo completo á Universidade de Vigo e/ou investigadores doutores doutras institucións adscritas á Universidade de Vigo mediante convenios institucionais que recoñezan a súa relación formal co instituto.
- b. **Investigadores/a non permanentes:** persoal investigador contratado especificamente con cargo a programas ou a proxectos de investigación dacordo co marco laboral e normativo aplicable.
- c. **Investigadores/a en formación:** persoal investigador matriculado nun programa de doutoramento da Universidade de Vigo dirixido ou codirixido por un investigador/a vinculado ao IFCAE.
- d. **Investigadores/a colaboradores:** persoal investigador colaborador doutras entidades que demostre unha traxectoria profesional de excelencia. Poderá ser proposto por un membro do instituto ou pola Comisión Asesora Externa e

deberá contar co visto e prace do Comité Científico. Esta figura terá carácter excepcional e o seu número non poderá superar o 20% do total de membros. Neste caso, estableceranse convenios ou convenios específicos coa outra entidade. O período de colaboración será de 2 anos, prorrogable con informe favorable do/a Director/a Científico/a.

- e. **Personal de administración y servicios:** do cadro de persoal da universidade.
- f. **Outro persoal vinculado** á actividade do instituto mediante contratos específicos.

Artigo 11. Proceso de vinculación y desvinculación

1. A vinculación a IFCAE implica:
 - a. A aceptación dos procedementos, regulamento e normas de funcionamento de IFCAE.
 - b. Asumir a estratexia xeral de investigación por temática, capacidade técnica e vontade de fomentar a investigación, transferencia, divulgación e formación.
 - c. Colaborar, participar e apoiar as actividades e liñas prioritarias establecidas pola Xunta Directiva e a Comisión Científica.
 - d. Desenvolver a súa actividade aliñada á axenda científica, sen prexuízo da súa actividade noutros ámbitos.
2. A incorporación ao IFCAE de persoal investigador realizarase en función de criterios de mérito investigador e idoneidade para os efectos do IFCAE, promovendo a incorporación de novos grupos e liñas de traballo.
3. Os investigadores do IFCAE non poderán estar vinculados a ningún outro Instituto de Investigación, tendo en conta que a súa actividade investigadora e produción científica, para os efectos de adscrición e valoración de indicadores, tamén estará vinculada ao IFCAE. Esta circunstancia non debe supoñer un impedimento para que a actividade do investigador vinculado poida ser visibilizada ademais a través da organización académica (Departamento ou Centro) á que pertenza para os efectos das correspondentes obrigas docentes.
4. Con carácter excepcional, poderá contemplarse o recoñecemento de investigadores a tempo parcial vinculados ao IFCAE cando a súa contribución sexa determinante para a incorporación de capacidades disciplinarias de interese para o desenvolvemento do IFCAE e a súa Axenda Científica. Neste caso, o investigador poderá combinar a pertenza a dous institutos, repartindo os méritos entre ambos e non poderá exercer a dirección científica de ningún deles.

5. Para ser persoal investigador vinculado deberá solicitar ao Director/a Científico/a do IFCAE a súa vinculación formal, na que se destacará a adecuación da súa actividade en relación con algún dos ámbitos de actuación do IFCAE.
6. O/a directora/a Científico/a avaliará a solicitude segundo os obxectivos da IFCAE, emitindo informe non vinculante á Comisión Científica, que será o órgano competente para a súa aprobación.
7. Os/as investigadores/as deberán indicar o seu compromiso de vinculación co instituto durante, polo menos, 3 anos. Nos casos excepcionais de investigadores cuxa contribución sexa determinante para o desenvolvemento da axenda científica e estean vinculados ao Instituto con dedicación parcial, este compromiso vinculante reducirase nun 50%.
8. En relación á **desvinculación formal de investigadores/as** do IFCAE pode producirse:
 - a) Por solicitude da Comisión Científica do IFCAE, da Comisión Asesora Externa ou da Dirección do Instituto, por incumprimento do regulamento, procedementos e normas internas do instituto.
 - b) Por petición do interesado, por calquera causa. A solicitude de cesamento deberá resolverse no prazo máximo de seis meses.

TÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 12. Recursos

1. Consideraranse ingresos da IFCAE os seguintes:
 - a. As axudas obtidas mediante convocatorias públicas ás que poida acudir o centro.
 - b. As cantidades procedentes de proxectos e contratos de investigación e transferencia, informes técnicos e/ou servizos dirixidos polos membros do instituto.
 - c. Axudas, subvencións e doazóns concedidas ao instituto e/ou aos seus membros por organismos ou entidades públicas ou privadas.
 - d. Os ingresos da UVigo que se relacionan cos custos indirectos asociados ás actividades de investigación do persoal vinculado, e os establecidos noutras partidas incluídas nos orzamentos da UVigo.
 - e. Calquera outro ingreso que teña dereito a percibir.

2. O IFCAE disporá dunha contabilidade propia integrada no sistema contable da UVigo. Durante o primeiro semestre de cada exercicio, o IFCAE deberá presentar á Comisión Científica unha memoria económica na que se resuma a execución orzamentaria do exercicio anterior.

Artigo 13. Orzamento

1. A Xunta Directiva aprobará anualmente a proposta de orzamentos de ingresos e gastos, acompañada da memoria de actuación..
2. O orzamento será xestionado polo/a Director/a Científico/a.

Artigo 14. Equipamento

1. O IFCAE xestionará o equipamento necesario do instituto, desde a súa necesidade de compra, mantemento e utilización.
2. As necesidades e prioridades en relación ao investimento en novos equipamentos determinaranse anualmente co fin de acadar correctamente os fins do IFCAE.

TÍTULO V. CONTROL E AVALIACIÓN

Artigo 15. Seguemento

1. O/a Director/a Científico/la do IFCAE elaborará anualmente una memoria das actividades realizadas.
2. Cada catro anos, ademais, a Xunta Directiva aprobará unha proposta de obxectivos estratéxicos para o período seguinte que inclúa indicadores específicos que permitan avaliar a actividade desenvolvida.
3. Anualmente, a Comisión Científica procederá a avaliar a actividade do centro e o cumprimento dos obxectivos.

Artigo 16. Ética na investigación

1. O IFCAE desenvolverá as súas actividades de acordo coa “Guía de boas prácticas investigadoras” da Universidade de Vigo do Regulamento da Comisión de Ética da UVigo e supervisada pola Comisión de Investigación e Transferencia da UVigo.

Artigo 17. Contratación de personal

1. Adoptaranse cantas medidas sexan necesarias para garantir que a contratación do persoal da IFCAE se axuste á lexislación e convenios aplicables.

TÍTULO VI. POLÍTICA DE PUBLICACIÓN E VISIBILIZACIÓN DO INSTITUTO

Artigo 18. Proxección e visibilidade

1. En calquera publicación ou difusión de resultados científicos, aparición en medios de comunicación e, en xeral, en todos os documentos xerados como consecuencia da súa actividade, o persoal investigador do Instituto fará sempre constar a súa pertenza ao IFCAE.
2. En concreto, a produción científica dos investigadores/as do IFCAE debe incluírse a filiación de:

Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE). Universidade de Vigo – Campus de As Lagoas, 32004 Ourense, España

3. No caso de que un investigador do IFCAE estea tamén vinculado a outra institución, deberá incluírse por separado a dobre adscrición.
4. O persoal doutras institucións que desempeñe traballo temporal no IFCAE deberá incluír a súa adscrición en todas as publicacións relacionadas total ou parcialmente co traballo realizado durante a súa estadía.
5. En ningún caso poderá utilizarse a imaxe corporativa do centro para outros fins distintos dos indicados.

TÍTULO VII. ENTRADA EN VIGOR

Artigo 19. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.